




PROXECTO VIDAS





OBXECTIVOS

O obxectivo desta obra é o de retratar dunha maneira cercana e respetuosa as vidas e as costumes dos anciáns que forman e compoñen a nosa cultura para que non se esvaezan ca erosión do olvido e exprimir os momentos codiáns de unha cultura en extinción; a cultura das nosas tradicións labregas, pesqueiras, gandeiras e de estilo de vida reflexadas nos rostros cheos de experiencia e vida dos nosos maiores.

Para acadar este fin percorrерemos os recunchos de Galicia na procura desas persoas e momentos; mediante a convivencia e a experiencia propia de anos facendo este traballo lograremos un arquivo fotográfico-artístico das vidas que nos trouxeron a nosa vida actual, do modo de vida dos nosos maiores e deles mesmos.

O proxecto esta inspirado nas obras de grandes fotógrafos nacionais como José Caruncho, Virxilio Vieitez, Carlos Valcárcel, Raniero Fdez., Pedro Ferrer, o catalán Pelai Mas, o Arxentino Humberto Rivas, a americana Ruth Matilda Anderson que retrataron a alma de Galicia dende o comezo da arte fotográfica e de outros precursores internacionais como Paul Strand, Diane Arbus, Cartier-Bresson etc que conseguiron ca fotografía social mostrar cun rostro o sentir e a vida de un pobo e dun momento, pois non hai nada máis expresivo para unha persoa que o rostro e a mirada de outra.



DESENVOLVEMENTO

Para desenvolver este traballo precisamos dun equipo fotográfico profesional, de tempo para estudar e percorrer Galicia, de experiencia e capacidade na comunicación audiovisual de emocións e dunha estrutura e obxectivos sólidos.

Equipo profesional: Canon 10D, Canon 450D. Obxectivos Canon 18-55mm, sigma 18-200mm e 70-300mm, focos, filtros. Ordenador IMac etc

Planificación temporal: O plan de traballo está desenrolado a continuación e a adaptación a el é plena dado o meu traballo de freelance

Experiencia e capacidade de comunicación: A nivel persoal levo 10 anos traballando con éxito no sector da comunicación e parte dos meus traballos figuran ao final desta exposición.

Obxectivo: é o de valorizar as nosas orixes e a raíz da nosa cultura tanto no noso pobo como para o exterior, e así mesmo crear un banco de imaxes e vidas que saiban transmitirnos esta idea dunha forma bela.



PLAN DE TRABAJO

O traballo estrutúrase da seguinte maneira:

- Estudo e planificacións de percorridos
- Realización fotográfica. Cada mes adicareino a un sector ou tipo de reportaxe
- Postproducción en estudo
- Impresión en gran formato e enmarcado



CRONOGRAMA

Este cronograma está planteado para cada ano de traballo e non implica que se realicen nunha localización de maneira ininterrompida, pois certas reportaxes xenéricas pertencerán a un mesmo tempo.

Estudo e planificación 15 días

A Coruña 2 mes

Lugo 2 mes

Ourense 2 mes

Pontevedra 2 mes

Postproducción, impresión e enmarcado 15 días



PROPIEDAD

A propiedade intelectual das imaxes pertencerá a tódolos galegos a través dun organismo xestor que se ocupará tanto da conservación como da exposición das imaxes.

Agradecerei calquer tipo de colaboración. Pódese poñer en contacto comigo a través da sección de contato. Así como realizar doacións na seguinte web segura:

PAYPAL

https://www.paypal.com/cgi-bin/webscr?cmd=_s-xclick&hosted_button_id=9675865



XOSE RIVERA

ORZAMENTO

MATERIAL FOTOGRÁFICO 1.500 €

VIAXES E ESTANCIAS 1.500 €

IMPRESIÓN E ENMARCACIÓN 2.000 €

TOTAL 5.000 € por cada ano

